




Actividades Extraescolares 2024/2025

Horarios das Actividades Extraescolares

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
COMEDOR 1 (3º, 5º, 6º) 14:20-15:20	Ecoarte	Lingua de signos	Inglés	Informática e mecanografía (Grupo 1)	Informática e mecanografía (Grupo 2)
	Mates divertidas	Aprender a aprender	Xadrez	loga Kids	Cociña divertida
COMEDOR 2 (1º, 2º, 4º) 15:20-16:20	Ecoarte	Lingua de signos	Inglés	Informática e mecanografía (Grupo 1)	Informática e mecanografía (Grupo 2)
	EmocionaT	Xogos de inxenio	Xadrez	Xoias con fíos e abalorios	Cociña divertida
TARDE 16:45- 17:45	Baile Moderno (pavillón)	Xoquei (pavillón)	Atletismo (pavillón)	Xoquei (pavillón)	Teatro (usos múltiples)

Inicio das actividades

As actividades iniciaranse o 1 de outubro e rematarán en maio.

IMPORTANTE: Co fin de poder pechar os grupos para o primeiro trimestre, unha vez finalizado o período de matrícula e recibido o correo de confirmación de praza dispónse de **2 días** para realizar a baixa a través do formulario de baixa que aparece na páxina web (non se admitirán como válidas baixas realizadas enviando whatsapps ou por outro medio, só a través do formulario). A partir dese momento xa non se admitirán baixas para o primeiro trimestre.

Tamaño dos grupos

Para formar un grupo o mínimo serán 10 inscricións.

O tamaño máximo será de 15, excepto para as actividades deportivas que como se fan no patio cuberto/pavillón pois poderán ser ata 20.

No caso de superar o máximo trátase de facer dous grupos.

Prezos

O custe das actividades é de 11,5€/mes, cobrando por trimestre (34,5€ por trimestre), excepto nos seguintes casos:

- Lingua de Signos: 14,5€/mes
- Cociña divertida: 15,5€/mes

No caso de xoquei a actividade son dous días a semana polo mesmo prezo.

Descrición das Actividades

Imos tratar de aproveitar o máximo posible o feito de que os grupos son reducidos (10-15 alumnos/as) para ir adaptando a actividade ao grupo concreto, escoitando sempre os vosos intereses e tratando de que o pasen moi ben.

En todas as actividades traballarase o tema da igualdade, tratando de romper cos estereotipos de xénero existentes.

A continuación inclúese unha breve descrición sobre algunhas das actividades:

Cociña divertida

O obxectivo principal é que os menores, ademais de cociñar, aprendan a importancia de ter unha alimentación saudable e descubran novos alimentos e maneiras de cociñalos.

Xoias con fíos e abaloiros

Esta actividade ofrece unha gran variedade de posibilidades. Os/as participantes poderán crear as súas propias xoias e aprenderán diferentes técnicas para facer xoias.

EmocionaT

Ten como finalidade o desenvolvemento da intelixencia emocional. Aprenderán a manexar as emocións e os sentimentos, axudaremos a elevar a autoestima e adquirirán habilidades sociais, así como estratexias para a xestión emocional.

Mates divertidas

Nova metodoloxía de ensinanza e aprendizaxe das mates, baseada na descomposición de números. Mates manipulativas que se desenvolve a través do xogo e da experimentación.

Xogos de inxenio (atención e memoria)

Os xogos de memoria non son solo algo lúdico, senon que están deseñados para aportar beneficios á saúde cerebral, como, por exemplo, incrementar a capacidade de concentración, mellorar a memoria visual e incentivar o pensamento rápido fronte a toma de decisións.

Teatro

Resulta beneficioso que aprendan certas ramas do mundo artístico, como é o caso do teatro. Búscase orientar e brindar ós alumnos/as un coñecemento sinxelo específico e enriquecedor acerca do mesmo. Non solo poderán comprender o valor da posta en escea, senón que tamén comenzarán a comunicarse mediante xestos e movementos corporais; creando así un clima sumamente entretido e divertido.

Aprender a aprender (Técnicas de Estudo)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse no aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma. Aprender Técnicas de estudo, exercitar a atención e memoria e realizar reforzo educativo.

Lingua de Signos Española

Coñecer ás persoas sordas e a súa forma de comunicarse. Aprender signos básicos da LSE. Aprender o alfabeto dactilolóxico que utilizan as persoas xordas. Fomentar situacións de comunicación entre o alumnado con linguaxes diferentes á lingua oral. Mellorar a expresión corporal.

Informática e mecanografía

De forma divertida aprenderán mecanografía. Ademais, explorarán conceptos básicos e prácticos para chegar ó uso habitual do ordenador para tarefas educativas (realización de doumentos, debuxos, presentacións, navegar por internet,)

Datos de contacto

Datos de contacto para dúbidas concretas sobre as actividades:

- Xadrez: Escola Xadrez Ames (Alberto) 633 44 76 74
- Xoquei/patinaxe: Club Patín Berenguela (Juanjo) 600 21 68 36
- Atletismo: Millaraio (Joao) 618 12 71 15
- Inglés: English by MJ (María José) 606 79 82 48 speakenglish@hotmail.es
- Resto de actividades: Grupo Vitae (María) 982 220 372 (ext 14)
educacion@grupovitae.com